

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE FEBREIRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:20 horas do día 15 de febreiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 12 de febreiro de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 8, 9 e 10)
D. Francisco Orúe Gutiérrez (asiste ao punto 11a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. DRAGADOS, S.A. (pertence ao mesmo grupo de empresas que API MOVILIDAD e VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.)
 2. FERROVIAL AGROMAN, S.A.
 3. EXTRACO, S.A.
 4. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 5. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 6. ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.
 7. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
 8. VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A.
 9. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 10. CIVISGLOBAL, S.L.U. (pertence ao mesmo grupo de empresas que C.D. INDEPO,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- S.L. e HIDROMIÑO, S.L.U.)
11. UTE C.D. INDEPO, S.L. e HIDROMIÑO, S.L.U. (pertencen ao mesmo grupo de empresas que CIVISGLOBAL, S.L.U.)(porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 12. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. (VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. forma parte do mesmo grupo de empresas que DRAGADOS, S.A.)(porcentaxe de participación na UTE 20%-80%)
 13. CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
 14. COPCISA, S.A.
 15. UTE API MOVILIDAD e ECCASAS (porcentaxe de participación na UTE ao 50%) (API MOVILIDAD forma parte do mesmo grupo de empresas que DRAGADOS, S.A.)
 16. UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. e TABOADA Y RAMOS, S.L.) (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 17. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e EXC. Y TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 70%-30%)
 2. MISTURAS, S.A.
 3. DRAGADOS, S.A.
 4. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
 5. ELSAMEX, S.A.
 6. CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
 7. UTE ACEVI, S.L. e ALVAC, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 8. EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
 9. ORECO, S.A.
 10. SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 11. ORESA, S.L.
 12. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
 13. HIDROMIÑO, S.L.*
 14. AVAN INTEGRAL, S.L.*
 15. CIVISGLOBAL, S.L.U.*
 16. COPCISA, S.A.
 17. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
 18. HORDESCON, S.L.
 19. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 20. OGMIOS PROYECTO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



* AVAN INTEGRAL, S.L., CIVISGLOBAL, S.L.U. e COPCISA, S.A. pertencen ao mesmo grupo de empresas.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. PRADO LAMEIRO, S.L.
 2. OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.
 3. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
 4. INGENIERIA Y DISEÑOS TÉCNICOS, S.A.U. (INDITEC MEDIOAMBIENTE)
 5. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá declarar posuír a solvencia técnica esixida no apartado 6A do Anexo I -FEC- do PCAP, isto é a declaración de posuír as seguintes clasificacións obrigatorias: grupo G “Viais e pistas”, subgrupo 6 “Obras viais sen cualificación específica”, categoría 4.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 2. ELSAMEX, S.A.
 3. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
 4. ORECO, S.A.
 5. ORESA, S.L.
 6. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
 7. COPCISA, S.A.
 8. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Segundo o apartado 6A do Anexo I -FEC- do PCAP esíxese para participar neste licitación estar en posesión das seguintes clasificacións: Grupo G, subgrupo 6, categoría 1 e Grupo I, subgrupo 1, categoría 1, se ben na súa declaración responsable só declara posuír a G-6-1, polo que deberá declarar estar tamén en posesión da I-1-1.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. EXPLOTACIÓNS MEDIAMBIENTAIS, S.L.U.
 2. ELSAMEX, S.A.
 3. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 4. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
 5. CALDEVERGAZO, S.L.
 6. ORECO, S.A.
 7. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
 8. ORESA, S.L.
 9. C.D. INDEPO, S.L.
 10. HIDROMIÑO, S.L.
 11. COPCISA, S.A.
 12. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
 13. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
 14. NAROM, S.L.
 15. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.*

* Na documentación presentada só declara posuír a clasificación G-6-2, se ben realizadas as correspondentes comprobacións no Rexistro da Xunta Consultiva de Contratación, constátase que este licitador tamén posúe a clasificación E-1-2.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTY-P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

No asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

Por erro ábrese o sobre C presentado por EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., sen acceder ao contido da oferta e procedéndose de inmediato ao seu precinto, asinado polo presidente e a secretaria.

O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados do sobre B. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

Non se trata porque a Mesa acordou no punto 2c conceder un prazo a un dos licitadores para emendar a súa declaración persoal.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

Non se trata porque a Mesa acordou no punto 2d conceder un prazo a un dos licitadores para emendar a súa declaración persoal.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da unidade de Mantemento de Vías Municipais da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do 9 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da unidade de Mantemento de Vías Municipais da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do 9 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación (lotes 1 e 2) e acorda a exclusión dos seguintes licitadores por apartase substancialmente as súas proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares):

1. DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1)
2. TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2)

10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por apartase substancialmente as súas proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares):

1. DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1)
2. TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 1 “turismos e furgoneta” deste procedemento aberto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntos xuízo de valor	Puntos fórmula	Total
1	TALLERES FONTÁN, S.L.	12 puntos	80 puntos	92 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES FONTÁN, S.L. (lote 1) , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 2.005,10 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na data 18 de xaneiro de 2018 do licitador GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L. do lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés) polo motivo previsto na cláusula



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13.5B do PCAP (“A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) na seguinte orde descendente:

Lote 1 “ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas”

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	89,95
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	87,76
4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	84,43
5	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	66,25
6	GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L.	65,43

Lote 2 IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas web

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	89,04
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	88,72
4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	71,30
5	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	58,97

Lote 3 HOTR0108 - Operacións básicas de cocina

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L.	100

Lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés)

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	92,35
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	90,07
5	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	84,32
6	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	65,28
7	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	24,31

Lote 6 FCOO02 - Sensibilización na igualdade de oportunidades

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	94,75
2	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	85,94
3	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	82,69
4	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	79,19
5	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	64,42

Lote 7 FCOI02 - Alfabetización informática: informática e Internet

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	94,75
2	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	86,73
3	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	79,50
4	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	75,39
5	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	74,71
6	INNOVACIÓN E DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L.	37,85

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3) e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP ("Os licitadores deberán dispor da acreditación e inscrición do centro ou entidade de formación para a/as especialidade/s formativa/s que vaia a impartir, no Servizo Público de Emprego Estatal ou órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego”).

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.991,18 euros (331,86 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”:

- *CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5): 995,60 euros*
- *MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3): 331,86 euros*
- *UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7): 663,72 euros”*

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar para cada un dos lotes, CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5) e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) o día 23 de xaneiro de 2018 e a MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3) o día 8 de febreiro de 2018 (por un erro na notificación do 23 de xaneiro), que presentan a documentación requirida o 6 de febreiro de 2018, os dous primeiros e o 8 e 14 de febreiro, o terceiro, todos eles dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) e MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) e MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor do 12 de xaneiro de 2018 e os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 18 de xaneiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1) *“Adxudicar a CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. os lotes 1, 2 e 5 do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) por un importe total de 43.773,60, 77.474,88 e 84.466,80 euros (exento de IVE), respectivamente.*
- 2) *Adxudicar á UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. os lotes 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) por un importe total de 11.565,00 e 13.285,00 euros (exento de IVE), respectivamente.*
- 3) *Adxudicar a MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) por un importe total de 64.890,00 euros (exento de IVE).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) (lote 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)

Primeiro.- Con data do 9 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445).

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 3 de xaneiro de 2018, concorreron a esta licitación, os seguintes licitadores:

1. TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L.
2. TALLERES FONTÁN, S.L.
3. DISTRUBUCIONES SALRUBBER, S.L.
4. GRUPO ELGONSA VIGO, S.L.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 8 de xaneiro de 2018 abreu sobre A “*documentación persoal*” das proposicións presentadas, constatándose os licitadores que se presentaron a cada un dos lotes:

- TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2)
- TALLERES FONTÁN, S.L. (lote 1)
- DISTRUBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1)
- GRUPO ELGONSA VIGO, S.L. (lote 3)

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 17 de xaneiro de 2018, acordou declarar deserto o lote 3 “*motocicletas*” por terse presentado un único licitador e resultar excluído pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Na sesión do 15 de febreiro de 2018 a Mesa de Contratación acordou excluír deste procedemento DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1) e TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2) por apartase substancialmente as súas proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Sendo TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. o único licitador presentado ao lote 2 “*camións, buses e maquinaria*” deste procedemento procede declarar deserto este lote.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado ao lote 2 deste procedemento, TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L., foi excluído por acordo da Mesa de Contratación de data 15 de febreiro de 2018 por apartase substancialmente a súa proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares), cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 2 “camións, buses e maquinaria” do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) por terse excluído ao único licitador presentado a este lote”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:46	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA44E-C23C3D-2956EH-EFHRVV-WQTTYP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		